

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLO SERVIZO DE ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DA REDE SEN FIOS MUNICIPAL (WiFi)

Artigo 1.- Título competencial.

A presente ordenanza municipal e o conseguinte establecemento do prezo público establécese ó amparo do establecido nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Artigo 2.- Feito impoñible.

O feito impoñible estará constituído pola actividade municipal desenvolvida para a distribución de sinal de internet mediante a tecnoloxía sen fíos WiFi no Concello de Ortigueira para fins laborais, de ocio, formativos e de comunicación, de calquera persoa física ou xurídica, que queira facer uso do servizo.

Artigo 3.- Obrigados ao pago.

Son obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten e gocen do servizo de acceso a internet a través da rede sen fíos municipal.

Artigo 4.- Contía.

4.1. Contía do servizo de acceso a internet para usuarios particulares.

Os prezos públicos a aplicar a usuarios particulares no caso do acceso a internet serán os seguintes:

Prezo Concepto	Prezo/ euros/mes
4.1.A. Velocidade de baixada real de 1 Mbps e 128 Kbps de subida real.	25,00 Euros/mes
4.1.B. Velocidade de baixada real de 2 Mbps e 256 Kbps de subida real.	30,00 Euros/mes
4.1.C. Cota de alta de usuario e instalación do kit.	100,00 Euros

Os prezos 4.1.A e 4.1.B. serán revisados polo Concello de Ortigueira en función do prezo de mercado de acceso a internet regulado pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT).

O prezo 4.1.C será revisado polo Concello de Ortigueira en función do IPC.

4.2. Contía do servizo de acceso a internet para empresas e usuarios profesionais.

Os prezos públicos a aplicar no caso do acceso a internet para empresas e usuarios profesionais serán os seguintes:

Prezos Concepto	Prezo/euros
4.2.A. Velocidade de baixada real de 2 Mbps e 512 Kbps de subida real.	50,00 Euros/mes
4.2.B. Velocidade de baixada real de 2 Mbps e 1 Mbps de subida real.	100,00 Euros/mes

4.2.C. Velocidade de baixada real de 2 Mbps e 2 Mbps de subida real.	200,00 Euros/mes
4.2.D. Ip pública fija.	10,00 Euros/mes
4.2.E. Cota de alta de usuario e instalación do kit.	100,00 Euros

Os prezos 4.2.A, 4.2.B., 4.2.C e 4.2.D serán revisados polo Concello de Ortigueira en función do prezo de mercado de acceso a internet regulado pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT).

O prezo 4.2.E será revisado polo Concello de Ortigueira en función do IPC.

4.3. Instalación.

O kit de usuario é o equipamento sen fíos que serve para garantir a conexión sen fíos e está composto polo dispositivo sen fíos, o software e a antena. A instalación e configuración inicial do kit será a través da empresa xestora do servizo de acceso a internet, cun prezo de instalación de 100 euros.

O usuario terá que contar co resto do equipamento que se precise para o acceso a internet (router, etc.).

4.4. Campañas comerciais.

A empresa xestora da rede municipal sen fío (WiFi), poderá facer cantas campañas comerciais estime oportunas.

Artigo 5.- Normas de xestión.

O usuario solicitará a alta no servizo segundo o modelo que se atopa dispoñible na páxina web do Concello de Ortigueira e nas Oficinas Xerais do mesmo, aboando no momento da presentación da solicitude a cantidade destinada a instalación do kit de acceso.

Os pagos do prezo mensual por cada servizo que se contrate deberá de facerse efectiva entre os días 1 e 5 de cada mes mediante domiciliación bancaria.

Artigo 6.- Obrigación de pago.

Están obrigados ó pago do prezo público regulado na presente ordenanza as persoas físicas e xurídicas beneficiarias do servizo de acceso a internet mediante a rede sen fíos municipal dende que se inicie a prestación do servizo.

Artigo 7.- Débedas.

As débedas polos prezos públicos deste servizo poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento conforme ó establecido tanto no Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación como no artigo 46.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 8.- Dereitos e deberes dos usuarios.

Os usuarios terán dereito a recibir as claves para poder acceder á rede sen fíos municipal, e deberán de dispoñer do kit de instalación por calquera dos servizos contratados e aboar o prezo dos mesmos mensualmente.

Artigo 9.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación da infracción, así como ás sancións que as mesmas corresponda, en todo caso, estarase ao disposto nos artigo 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

A falta de pago durante dous meses seguidos suporá a suspensión inmediata do servizo, sen prexuízo do cobro pola vía de constrinximento das cantidades devengadas e non satisfeitas.

Artigo 11.- Uso responsable.

O Concello de Ortigueira non é responsable do uso que os usuarios poidan facer nas súas conexións a internet, debendo aqueles realizar un uso responsable do mesmo.

Artigo 12.- Problemas de conexión.

Cando se produzan cortes de conexión por causas imputables a empresa concesionaria e cuxa duración exceda de 36 horas, compensarase mediante a dedución proporcional no prezo mensual correspondente.

Artigo 13.- Lexislación aplicable.

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ó disposto no Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei xeral tributaria 58/2003, do 17 de decembro, na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e cantas normas sexan de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.